

O campamento “Verán Concilia 2024” pretende ser unha oferta lúdico/educativa que o Concello de Esgos lles ofrece ás familias para conciliar a vida persoal, laboral e familiar durante as vacacións de verán e, ao mesmo tempo, contribuír á formación socioeducativa da rapazada

### **Artigo 1: Obxecto e ámbito de aplicación**

As presentes bases teñen como obxecto establecer os criterios de selección para a participación no programa de actividades infantís de conciliación “Verán Concilia 2024”, que se desenvolverá durante o verán para cativos/as con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. No referente aos rapaces e rapazas de 3 anos, non poderán participar os que aínda non cursaran 4º de educación infantil.

Trátase dun programa de conciliación da vida familiar e laboral, composto por actividades lúdicas e educativas.

### **Artigo 2: Persoas destinatarias.**

O programa de conciliación está destinado a nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos (rapaces e rapazas de 3 anos que xa cursaran 4º de educación infantil), especialmente para os empadroados no Concello de Esgos (con data anterior ó inicio do período de inscrición), pero que pode solicitar cativos doutros lugares de residencia.

### **Artigo 3: Lugar e período de realización.**

Verán Concilia 2024 terá lugar na Praza da Souteira e no Centro Cultural Parada Justel (Esgos), dende o 1 de xullo ao 23 de agosto, dende as 10:30 ás 13:30 horas. Poderanse solicitar calquera das seguintes quendas, de duración semanal:

QUENDAS DISPOÑIBLES	TEMPORALIZACIÓN
1ª Quenda	Do 01/07/2024 ao 05/07/2024
2ª Quenda	Do 08/07/2024 ao 12/07/2024
3ª Quenda	Do 15/07/2024 ao 19/07/2024
4ª Quenda	Do 22/07/2024 ao 26/07/2024
5ª Quenda	Do 29/07/2024 ao 02/08/2024
6ª Quenda	Do 05/08/2024 ao 09/08/2024
7ª Quenda	Do 12/08/2024 ao 16/08/2024
8ª Quenda	Do 19/08/2024 ao 23/08/2024



O mínimo de quendas a solicitar será 1. Soamente poderán solicitar as 8 quendas as familias que presenten un certificado de empresa (nos contratos por conta allea) ou unha declaración responsable (no caso de autónomos/as) no que ambos proxenitores carezan de período vacacional durante o verán. En caso contrario, poderase solicitar un máximo de 7 quendas, fomentando así que as familias soliciten as quendas nas que realmente van a asistir os cativos.

#### Artigo 4: Número de prazas ofertadas.

O programa de conciliación oferta 25 prazas. No caso de non ter un mínimo de 15 inscritos, non se poderá realizar a actividade.

#### Artigo 5: Normas de convivencia e funcionamento do programa de conciliación.

Tendo en conta que a programación de actividades dará comezo ás 10:00h, para un correcto desenvolvemento das actividades, tódolos participantes deberán efectuar a súa entrada entre as 10:00 e as 10:30 horas. A partir das 10:30h non se poderá entrar nas actividades, salvo causa xustificada (cita médica).

Tódalas persoas participantes deberán ter un comportamento cívico e respetuoso cos outros nenos e nenas, monitores/as e coas instalacións e material dispoñibles, do contrario aplicaranse as seguintes medidas:

CONDUCTAS	MEDIAS A APLICAR
Agresións verbais de discriminación por raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición persoal ou social	<p>Medidas reeducativas por parte dos/as monitores/as, contemplando ademais da labor explicativa e educacional, algunha das seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Realización de traballos específicos durante o horario das actividades.</li> <li>- Privación da realización de actividades concretas.</li> <li>- Outra medida que o monitorado considere axeitada para a situación.</li> </ul>
Danos nos materiais ou instalacións	
Agresións físicas	Suspensión da asistencia durante 2 días no caso de producirse 3 conductas agresivas na mesma quenda.



A ausencia inxustificada de 3 días na mesma quenda (*)	Con 3 faltas sen xustificar na mesma quenda o/a menor participante perderá a súa praza no Verán Concilia 2024 (en todas as quendas que o/a participante teña concedidas).
--	---

(\*) Entenderase por falta xustificada a que sexa acreditada con informe médico de estado de saúde, xustificantes de asistencia a citas médicas ou equivalentes e calquera outra circunstancia persoal ou familiar explicada ó persoal que imparte as actividades coa suficiente antelación.

Aclaracións sobre as medidas a aplicar:

- Serán comunicadas polos/as monitores/as, que terán plena autoridade na materia. Procuran o benestar dos menores, sen intereses persoais, co cal prégase se respecten as súas decisións, de maneira que non estará permitido o contacto vía persoal ou por teléfono sobre unha medida, pois non hai posibilidade de anular unha sanción ou eximir a un menor das consecuencias da súa conduta.
- A comunicación das medidas realizarase persoalmente, no propio día no que tivo lugar a conduta, no momento da recollida do menor por parte do adulto autorizado.
- Soamente no caso da medida ante as condutas agresivas reincidentes (“Suspende a asistencia durante 2 días”) e no caso das ausencias inxustificadas (“Perda da praza no campamento) se farán a maiores comunicacións por escrito ó email facilitado no documento da inscrición.

#### **Artigo 6: Prazo de solicitude.**

As solicitudes deberán ser presentadas por un dos proxenitores ou titor/a legal no rexistro do concello ou na sede electrónica, xunto co resto de documentación que decidan aportar, dende o 21 de xuño ata o 26 de xuño.

- Presentación presencial: A documentación pode recollese nos Servizos Sociais ou na biblitoeca.
- Presentación telemática pola Sede Electrónica do Concello de Esgos: A documentación poderá descargarse na web do Concello de Esgos, presentándoa xunto co resto de documentos que acrediten os criterios de valoración por procedemento de “Instancia Xeral”.

En todo caso:

-A solicitude de inscrición debe ser entregada cumprimentada en tódolos apartados.



-En canto ós datos médicos, deberase comunicar calquera das circunstancias de dificultade de saúde do/a neno/a, física ou psicolóxica. O Concello resérvase o dereito a solicitar informes médicos para asegurar o estado de saúde do/a participante. No caso de omisión ou falsidade, a solicitude será anulada de oficio.

-Coa solicitude débese facer entrega da documentación que acredite as circunstancias que outorgan puntuación no proceso de admisión para que dita puntuación poda ser computada. No caso de non entregar documentación, esta non será requirida con posterioridade. Soamente será requirida documentación no caso de que algunhas das circunstancias declaradas non quede claramente xustificada.

### Artigo 7: Criterios de selección.

- Establécense unha serie de circunstancias ordenadas por puntuación de maior a menor, que dan prioridade na admisión no programa. Cada solicitante sumará o número de puntos total de tódalas circunstancias que poda acreditar documentalmente. Soamente se terán en conta o número de puntos no caso de recibir máis de 25 solicitudes nunha mesma quenda.
- Aceptaranse as 25 solicitudes con maior puntuación en cada quenda. No caso de empate, seguirase a orde de presentación no rexistro municipal.
- Crearase así mesmo unha listaxe de espera para cada quenda que se empregará se algunha das prazas quedara vacante (se algún participante admitido/a comunica a súa baixa, deixa de acudir ou recibe sanción por incumprir as condicións de asistencia).

As circunstancias que se valoran, e a puntuación que outorga cada unha delas, son as seguintes:

PUNTOS	CRITERIO	DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR
4	Residir no Concello de Esgos	Certificado do Padrón no que conste o/a solicitante como empadroadado no Concello de Esgos con data anterior ó uno de xaneiro de 2024, xunto con a lo menos un proxenitor/a. (Non será preciso aportalo nos casos nos que se autorice a comprobación por parte do concello).
3	O/a proxenitor/a traballa nunha empresa con sede no Concello de Esgos.	Autónomos: Certificado de IAE de Hacienda. Traballadores/as por conta allea: copia da última nómina (mes de mayo de 2024)
2	Familia monoparental / numerosa / vítima violencia de xénero	Copia cotexada do Certificado de Familia Monoparental ou Numerosa emitido polo organismo público competente. Documentación que acredite a situación de vítima de violencia de xénero ( informe de S. Sociais, informe do CIM, sentenza legal ...)
1	Mulleres/nais nas seguintes	-Certificado do INEM ou tarxeta de demandante de



	<p>situacións: desemprego de longa duración (máis de 1 ano), mulleres maiores de 45 anos e unidades familiares con cargas relacionadas con coidados (dependencia, discapacidade).</p>	<p>emprego que acredite que a persoa leva máis de 1 ano en situación de desemprego. -Informe de vida laboral actual. -Acreditación de cargas familiares con coidados: Resolución de Dependencia ou Resolución de Discapacidade dun 33% ou superior emitida polo órgano competente (comprobarase que a persoa estea empadroada no mesmo domicilio). -Declaración responsable de que os ingresos da unidade familiar son inferiores a 3 veces o IPREM (8.400€ per cápita anuais): asínase na propia inscrición, non sendo preciso anexar documentación.</p>
--	---	---

#### **Artigo 8: Solicitude e documentación a presentar.**

- a) Solicitude de inscrición no campamento de verán, que figura como ANEXO I nas presentes bases. Será asinada por un dos proxenitores, e a súa sinatura implica a obrigatoriedade por parte deste/a de poñer en coñecemento do seu contido ó outro proxenitor/a e ter a seguridade que de non se opón ó contido da mesma. Isto mesmo aplícase no caso de separación ou divorcio. O Concello de Esgos non se fará responsable da falsidade ou ocultamento de información, quedando baixo a total responsabilidade da persoa que asine a solicitude. A non conformidade expresa dalgún dos proxenitores dun menor dará lugar á anulación da solicitude.
- b) Documentos que acrediten os criterios de valoración marcados pola persoa solicitante no documento de solicitude.

#### **Artigo 9: Tramitación de solicitudes.**

O procedemento será realizado nos Servizos Sociais do Concello de Esgos, pola educadora familiar, que se limitará á revisión da documentación.

#### **Artigo 10: Listado de admitidos/as e listaxes de espera.**

A listaxe de admitidos/as por quenda será publicada o 27 de xuño.

Nas quendas nas que non se chegara ás 25 solicitudes abríranse 2 períodos extraordinarios de inscrición, nos cales aplicaranse igualmente os criterios de selección e o resto de condicións expostas nas presentes bases, salvo que, por ser períodos extraordinarios e con pouca marxe de tempo, non se realizarán requirimentos de documentación, contando soamente cos documentos aportados no momento de presentación da solicitude. Os períodos extraordinarios serán os seguintes:

1º Período extrardinario do 15 ó 18 de xullo

2º Período extrardinario do 1 ó 3 de agosto.



Tódolos/as solicitantes admitidos daranse como inscritos/as na actividade, tendo a obriga de comunicar a súa renuncia antes do inicio do programa (1 de xullo) ou, de ser o caso, de maneira anterior ó inicio da primeira quenda na que o/a menor estea admitido/a, no caso de desistir no seu interese de participar.

O incumprimento das condicións aquí establecidas poderá implicar a denegación da participación no programa.

### **Artigo 11: Método de pago e prazos**

O prezo por quenda será de 10€ para os empadronados no Concello de Esgos e de 20€ para os residentes non empadronados.

Entre o día 1 e o 5 de xullo deberá facerse un pago único por neno/a para todas as quendas concedidas por transferencia bancaria no número de conta facilitado polo Concello cando sexa admitido.

O Alcalde

Mario Rodríguez González

